

SUPER TURONIO

Equipo de Dinamización da Lingua Galega



IES TERRA DE TURONIO
Decembro 2019 - marzo 2020

Sumario:

- Alumnado de premio.....2
- Fóra da aula.....3
- Construíndo igualdade.....4 e 5
- Radioturonio.....6
- Entroido.....6 e 7
- Visitaron o centro.....8
- Día de Rosalía.....8
- Enredos.....9
- Contraportada.....10



Commemoración do **25 de novembro**
 Exposición contra a violencia



ALUMNADO DE PREMIO

AS IMAXES DO PATRIMONIO

O 25 de novembro celebrouse a entrega de premio do IIº Certame de Imaxes para o Patrimonio Inmaterial Galego-Portugués. O noso centro vérn participando neste certame desde a primeira edición e con moi bo resultado. Nesta edición foi **Ana Romero Rodríguez**, de 4º C, quen foi premiada. Recibiu o 3º premio da súa categoría (ESO). A seguir reproducimos a imaxe e o texto de Ana Romero que foron premiados. Parabéns!!



Ésta imaxe foi feita nas festas patronais de San Cibrán, nela está, a miña avoa, que tiña 1 ano e medio, os seus tíos que viñan de Uruguay, os seus avos, os seus pais, o seus irmán, os seus avos de Belesar, os outros tíos que tamén eran de Belesar e as outras tías. A verdadeira historia desta foto é, que o primeiro barco que chegou a Vigo despois da Guerra Civil, viña de Uruguay e traía a os tíos da miña avoa. Os cales non se coñecían. Esperaban no embarcador moi nervosos porque o barco non chegaba ata o

muelle. Para identificarse gritaron o seu apelido –Misa-. O encontro foi inenarrable. Viñeron en coche ata Gondomar pero dende Gondomar ata San Cibrán tiveron que subir andando. A tía da miña avoa chegou sen tacos a casa. Pero o peor de todo non foi iso. Senon cando pediu para ir ao baño, indicaronlle a corte. Pero enseguida se lle pasou o decaimento, porque foron festexar as festas patronais, e encontrarse co resto a familia. Alumna: Ana Romero Rodríguez.

Neste certame participaron tamén: **Adrián Rodríguez Rodríguez, Claudia Comesaña Granja e Sofía Fernández Iglesias**. Queredes ver as imaxes e os textos que para elas escribiron? Pois poñede no buscador: http://escolasnasondas.com/certame2019-fotografias-recvadas/?afg7_page_id=1#afg-7

XI Olimpíada de Xeoloxía 2020

O 12 de febreiro tivo lugar na Facultade de Minas e Enerxía da Universidade de Vigo a XI Olimpíada de Xeoloxía en que participaron oito alumnos e alumnas de 4º ESO do noso centro.

Pola mañá tiveron que facer fronte a 7 probas tipo xincana en equipos e pola tarde a un test individual de corenta preguntas. Mentres o xurado corruxía as probas, participaron en talleres moi interesantes sobre paleontoloxía, xeotecnia e mineraloxía.



Foi unha excelente experiencia compartir o día con alumnos e alumnas doutros centros da provincia, visitar a universidade e aprender máis sobre xeoloxía. E **Josúe Troncoso Campos** obtivo o premio ao mellor alumno de cuarto da ESO!!. Noraboa!

FÓRA DA AULA

A VOLTA DAS NOVE

por Jessica Iglesias (4º B)



Gustoume moito poder ir ver e a escoitar a exposición ``A volta das nove`` que tivo lugar no local do Instituto de Estudos Miñoráns de Gondomar (IEM). Dunha maneira libre e directa, Montse Fajardo tratou outra das caras escuras do franquismo español tras o golpe de estado de 1936: a situación da muller.

Sempre se falou dos homes neste tempo e o sufrimento que pasaron, mais poucos se pararon a reflexionar sobre as decenas de mulleres que quedaban viúvas ou sobre as nenas orfas. ``A volta das nove`` reflicte o sufrimento, a represión, o calvario, as inxustizas, o silencio de todas aquelas mulleres . Así pois, situacións que cremos impensables a día de hoxe, como raparlles a cabeza, tatuarlles a cara, darlles produtos para abrigalas a facer as súas necesidades publicamente, encarceralas por mor da súa ascendencia, maltratalas, violalalas, etc. Todo iso ocorría naquel tempo. Porén, ben pouco se fala destas atrocidades.

Afortunadamente, nós tivemos a oportunidade de ver esta exposición e sería recomendable que todos gastásemos uns minutos das nosas vidas para escoitar o que nos teñen que dicir. Por iso, na miña opinión, a iniciativa que tivo o departamento de lingua galega estivo moi acertada.

O PROCESO TECNOLÓXICO E AS SÚAS FASES

O 29 de xaneiro realizouse, por terceiro curso consecutivo, a visita dos alumnos de 2º da ESO ás instalacións da empresa ESYPRO na Pasaxe, organizada polo departamento de Tecnoloxía. O obxectivo fundamental é que o alumnado vexa de preto a realidade do proceso tecnolóxico e as súas fases, así como algunhas das técnicas e ferramentas que se usan en cada unha delas.

Durante a visita realizáronse as seguintes actividades:

- Comprobación de cotas de pezas sobre plano utilizando calibre.
- Visita ás oficinas de enxeñaría para comprobar o funcionamento dun programa para o deseño de pezas en 3D.
- Montaxe de pezas a partir de plano



-Manexo dunha ponte-grúa, proba de habilidade.

Todo o profesorado acompañante valorou moi positivamente a visita e a organización por parte do persoal de ESYPRO. As impresións transmitidas polo alumnado tamén foron excelente. O noso agradecemento á empresa e a todos os profesionais que se implicaron na visita.

PROFESORES NAS ONDAS

Alumnos e alumnas de 4º da ESO, xunto co profesor Santiago Veloso, participaron no Master de formación do Profesorado da Universidade de Vigo. Foron os relatores que explicaron como se fai un podcast, un programa de radio ou unha retransmisión radiofónica.



CONSTRUÍNDO IGUALDADE



A DIVERSIÓN remata
cando eu digo que **NON!**

non son de ningún,
6 SEX DE MIN

Eu tamén podo a lavadora



Conmemoramos
o 8 de marzo




IDeAS

Igualdade e Diversidade

Afectivo Sexual é un espazo aberto á participación, apoio e colaboración de todas as persoas do instituto que queiran traballar pola igualdade e o respecto. Até agora estes son algúns dos nosos traballos.

Achégate a nós!



Poema de
Lía Alonso,
2º B

CONSTRUÍNDO IGUALDADE

<p>ESTAR DE LÍO NON CHE DÁ</p> <p>DEREITO A TODO</p>	<p>A MIÑA MINISAIA</p> <p>NON É UNHA</p> <p>INVITACIÓN</p>	<p>O MEU SILENCIO</p> <p>NON É</p> <p>UN SI</p>	<p>NON SEXAS PESADO!!</p> <p>NIN INSISTAS NIN CHANTAXEES</p>	<p>AÍNDA QUE CHE META FICHA...</p> <p>NON ME SAFAS!!</p>
<p>EU DECIDO</p> <p>QUEN, CANDO E COMO ME TOCA</p>	<p>SE ME TOCAN SEN PERMISO</p> <p>NON É O MEU AMIGO</p>	<p>NON TOLERES AGRESIÓNS</p> <p>ACTÚA E PIDE AXUDA!</p>	<p>EU NON SON CULPABLE</p> <p>VISTO COMO QUERO</p>	<p>EU DECIDO</p> <p>TI RESPECTAS</p> <p>IDeAS</p>

Dípticos da campaña “Eu decido, ti respectas”, realizados e distribuídos en cada clase polo alumnado do grupo **IDeAS**



25 NOVEMBRO

Estamos sendo violadas non ten sentido se somos por homes maltratadas non para, sempre no mundo hai moitas asasinadas non podemos sair gora as familias preocupadas por se algo malo pasa e non e un conto de fadas

Poema de Alba Rguez Rois, 2º B

Estas son algunhas obras que falan de igualdade e diversidade afectivo sexual, están na **biblioteca**. Hai moitos máis.

En marzo celebramos a Semana da Igualdade con murais, radio, lecturas colectivas...




RADIOTURONIO

A diversidade en Terra de Turonio



Exposición itinerante "Xosé Mosquera Pérez, O Vello dos Contos" (locutor nos anos 30-40), na semana do día mundial da radio

O día mundial da radio, fixemos un programa especial sobre a diversidade, podes velo na web do centro



Subscríbete ao noso canal de youtube e cegue a nosa radio.

Vaiche encantar!

O ENTROIDO

O DOMINGO DE ENTRUIDO EN VILAS,
por Lucía González Barbosa 2ºB

O primeiro que se facía durante esta festa era unha fogueira con cousas que querían deixar atrás, algo parecido á fogueira de San Xoán. Xuntaban todas as cousas que querían queimar e, como eles dicían, *queimábanlle o bigote ao entruído* para entrar no tempo da coresma de forma purificada.

Despois de facer a fogueira facían as *fariñadelas*, que consistían en lanzar fariña os mozos ás mozas, e as mozas lanzaban a borraralla que quedaba despois da fogueira, corrían e xogaban e non volvían a casa ata que o sol se puña. Aínda que para os nenos e nenas non era

algo moi diferente, xa que corrían con paus e xogaban como outro día calquera.

O Domingo de Entroido facían *a carreira do galo*, unha tradición un pouco salvaxe que consistía en soltar un galo no Campo da Carballa, un lugar céntrico en Vilas, e lle lanzaban as laranxas que colleran no cemiterio e que non servían para comer, ata que o animal quedaba tan ferido como para que deixarse coller. A persoa que collía ao galo, quedaba co animal.

Esta tradición fíxose por última vez no Entroido de 1961.

Informante: Manuel Iglesias, 76 anos, Vilas

GALERÍA DO ENTROIDO



Visionarios?



Disfraces premiados



As sobremesas ... encántannos!



VISITARON O CENTRO...

A domadora galega Irene Gefaell e a deportista Desiré Vila, ex alumna do centro, visitan o IES Terra de Turonio.

Irene Gefaell impariu unha charla ao alumnado do Ciclo de Actividades Físico-Deportivas no Medio



Natural e a alumnado da ESO. Antes diso gravou unha entrevista en Radio Turonio.

Irene Gefaell falou sobre a súa experiencia na doma de cabalos e en diversos aspectos do mundo equino como a súa biomecánica, etoloxía e coidados. Irene é unha recoñecida especialista en doma natural e conta cun centro de recuperación cabalar destinado a equinos maltratados.

Desi Vila, ex alumna do centro, foi recibida cunha calorosa ovación por parte do alumnado. A súa intervención, organizada polo departamento de Educación física, foi todo o percorrido pola súa carreira de superación persoal que a levou a converterse nunha deportista que está a competir a nivel mundial.

Desi lembrou o seu paso polo instituto e aos seus colegas que aínda conserva como amigas. Falou sobre o seu accidente como ximnasta e do posterior proceso de adaptación ás próteses. Contou que o deporte sempre foi unha faceta que estivo presente na súa vida e que agora mesmo é un dos seus intereses principais xunto coa súa

formación, a carreira de Relacións Internacionais en Madrid, onde reside.

Desi tamén gravou unha entrevista en Radio Turonio e atendeu todas as solicitudes de fotos e



selfies do alumnado.

A cineasta Adriana Páramo.

En febreiro, convidada polo Departamento de lingua inglesa, vistiounos a cineasta Adriana Páramo. Adriana Paramo Perez é unha das



cineastas galegas máis recoñecidas en Londres e unha das fundadoras do GFF - Galician Film da capital británica. É autora de curtas como Illa pedra (a curta de graduación na Escola de cine de Londres). Illa pedra, que nos fala da morriña da emigración, está baseada nun libro de poesía de Lara Dopazo, Illa peixe.

Foi [entrevistada](#) en Radioturonio.

DÍA DE ROSALÍA

De acordo coa proposta recibida da AELG (asociación de escritoras e escritores en lingua galega), o alumnado de 1º realizou unha pequena exposición con imaxes diversas e versos de Rosalía sobre o tema da migración. Tamén leron na radio o manifesto elaborado polo escritor Daniel Asorey.




ENREDOS

Para pasar estas horas de confinamento, propoñémosche este encrucillado de creación. Propia:

Canto coñeces Gondomar?

1. Primeiro apelido dun famoso conde de Gondomar
2. Primeiro curro que se celebra cada ano en Gondomar (Morgadáns)
3. Nome do campo de fútbol que están ao lado do instituto
4. Parroquia que conta cunha ponte románica
5. Parroquia cunha igrexa que ten vestixios románicos.
6. Río que forman o Zamáns e o Morgadáns ao seu paso por Gondomar
7. Onde se celebra a primeira festa do ano coincidindo con San Xosé?
8. Banda de música de ...
9. Parroquia que limita con Tui e Tomiño.
10. A xesta vermella é o grupo de teatro de ...
11. Parroquia en que abundan os pazos
12. Onde vive a moura?
13. O topónimo de Gondomar fai referencia á persoa que tivo posesións na vila e é de orixe?
14. Parroquia en que existiu un mosteiro de freiras



CONTRAPORTADA


Confinamento ou corentena

Desde o luns 16, suspendeuse a actividade lectiva e a docencia pasou a ser telemática, un desafío para alumnado e profesorado que desde entón permanecen pendentes das pantallas dos ordenadores e outros dispositivos.

A medida era unha das primeiras que se adoptaban para frear a pandemia producida polo coronavirus COVID-19. Logo decretouse o estado de alarma, que foi ampliado até o 12 de abril, data en que remata a Semana Santa.

Mentres escribimos estas liñas, descoñecemos cando se retomarán as clases, e as e os profes dámoslle voltas a como mellorar a nosa comunicación co alumnado ou a como chegar a aqueles alumnos e alumnas que non contan con medios suficientes.

Nestes días, púxose de manifesto que o nivel de dixitalización do ensino non está preparado para unha eventualidade coma esta e que nun lugar como Gondomar a tarefa pode ser moi difícil.



Diferentes expertos veñen reflexionando sobre o que xa coñecemos como “fenda dixital”, a que imposibilita a rapazas e rapaces con recursos máis modestos a acceder a uns dispositivos e unhas conexións axeitadas para poder estar ao día desas aulas telemáticas. A

isto hai que sumarlle o feito de que tamén nas súas casas haberá adultos que precisen os equipamentos para realizar teletraballo.

E por se estas non fosen xa bastantes dificultades aínda está a calidade do servizo que recibe a maioría da poboación de Gondomar, baixa ou moi baixa. Así, nestes días, sucedeu en moitas ocasións que os enlaces a Edixgal ou Ageiro, ou outras páxinas, non abrían, e non sempre

porque estivesen rotos ou mal feitos os enlaces, o problema era a velocidade de descarga.

En todo caso, isto pasará e volveremos ás aulas presenciais, aquelas en que o contacto directo non só favorece a aprendizaxe de contidos, senón tamén o equilibrio emocional.

De certo que todas e todos estamos desexando ese regreso. Vémonos!



O lobo da coroa, conto sen rematar (de momento)

por Laura Sampedro Hamilton, 4º B

Todos os veciños aborrecen o lobo, “fainos a vida imposible”. Aínda que ninguén o atopou nunca, os expertos xa saben moito del. Unha das cousas que máis lle gusta é viaxar e coñecer mundo, encántanlle os saraos de todo tipo. Canta máis xente, mellor. Mais, a pesar de estar en todas partes, é tan coidadoso que ninguén nunca o viu. Hainos que o pasan fatal polos destrozos que fai nos campos e nas granxas, pero tamén os hai que nin se decatan de que lles arrebatou un par de galiñas.

Por iso, ata que o fagan desaparecer, debemos permanecer todos na casa, agardando a que se aburra e, zas! Capturalo!

Por iso, quizais estas recluída sen poder traballar, sen poder ir a clase ou sen poder ver a túa familia e os teus amigos. Pero lembra: xuntas remataremos con el, mais só se cada unha de nós colaboramos en redactarmos este final para o conto.